


ACTIVIDADES

TEMA 5. IMPACTOS NA ATMOSFERA

1. Le o texto, observa a imaxe e responde:

“As partículas (PM) son un contaminante netamente urbano e a súa presenza vai asociada ao tráfico, ao fume das calefaccións, sento os mores diésel dos vehículos os maiores responsables das emisións. As altas concentracións de ditas partículas supoñen o maior risco para a saúde dos cidadáns, xa que penetran nas vías respiratorias e incluso poden pasar ao sangue. Así mesmo afectan ao crecemento das plantas e danan os ecosistemas”




- Que tipo de contaminante do aire son as partículas?
- Indica diferenzas entre partícula PM₁₀ e PM_{2,5}.
- Indica efectos que poden ocasionar os niveis de inmisión de partículas que sobrepasen durante días os límites admisibles fixados na lexislación vixente.


2. Le o texto, observa a imaxe e responde:

“Cada cidade ten un clima similar ao da rexión onde se sitúa, pero todas as cidades teñen unhas características climáticas semellantes, resultado das modificacións que a cidade introduce sobre as variables rexionais, causadas pola característica común da elevada contaminación atmosférica orixinando efectos como o representado na figura”

- Explica en que consiste o efecto representado na imaxe.
- Que condicións atmosféricas favorecen dito efecto sobre unha cidade?
- Clasifícao segundo a súa amplitude de afectación.




3. En relación á imaxe representada, responde ás seguintes cuestións:




- Pon nome ao problema medioambiental que reflicte a imaxe.
- Clasifícao segundo a súa amplitude de afectación.
- Explica en que consiste.
- Que tipos hai? Explica a diferenza entre ambos.

4. A figura amosa as variacións da contaminación, ao longo do día, dunha serie de contaminantes nunha atmosfera urbana (RCHO = compostos orgánicos).

- Que efecto de contaminación se relaciona con eles?
- Cal é a evolución dos contaminantes:
 - A primeira hora da mañá?
 - Nunha situación anticiclónica?
 - Ás horas de maior insolación?
- Que efectos produce na saúde?



5. En relación á imaxe representada, responde ás seguintes cuestións:



- Pon nome ao problema medioambiental reflectido na imaxe.
- Clasifícao segundo a súa amplitude de afectación.
- Explica que simbolizan os dous recadros brancos.
- Define contaminante primario e secundario, e relaciónaos coa imaxe.
- Explica os efectos que pode producir a choiva aceda.

6. Le o seguinte texto e realiza as seguintes cuestións:

O ozono, un gas con dobre vida

Cuestión de altura. O ozono que se xera na estratosfera, por enriba dos 12.000 metros de altitude, protexe a terra da radiación excesiva dos raios ultravioleta; por iso, os científicos están preocupados polos buratos que se producen nesta capa, sobre todo na Antártida. Fronte a ese ozono benéfico existe outro nocivo: é o que se xera a baixa altura, na troposfera e que provoca unha contaminación tipicamente urbana, a fonte principal da cal son os coches.

- a) Que diferenzas existen entre o O₃ estratosférico e o O₃ troposférico? Explica a orixe de cada un deles.
- b) Que manifestacións da contaminación atmosférica se relaciona con eles?
- c) Indica os efectos que sobre a saúde humana provoca o O₃ troposférico.

7. Indica dúas medidas preventivas e correctoras da contaminación do aire, citando un exemplo.

8. Verdadeiro ou falso:

- a) A chuvia aceda é un tipo de contaminación transfronteriza.
- b) O protocolo de Kioto regula a emisión de gases CFCs.
- c) Os CFCs son gases emitidos polos volcáns.
- d) A destrución da capa de ozono é a causa principal do cambio climático.
- e) As borrascas acumulan a contaminación.
- f) Os contaminantes primarios son emitidos directamente á atmosfera.
- g) A chuvia aceda afecta a lagos, bosques e solo.
- h) Os liques son indicadores da calidade de aire.
- i) As inversións térmicas atrapan a contaminación.
- j) Os CFCs son gases artificiais e moi estables.
- k) O ozono troposférico protexe da radiación UV.